



A XUNTA RENOVA OS ECÓGRAFOS NOS SERVIZOS DE XINECOLOXÍA E OBSTETRICIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

- *O Sergas está a instalar xa a totalidade do equipamento derivado da licitación realizada a comezos de ano para prover de nova tecnoloxía aos servizos de xinecoloxía e obstetricia*
- *As contratacións achegan novo equipamento tecnolóxico á totalidade dos hospitais da rede pública galega, incluíndo os sete hospitais comarcais*
- *Os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro contarán con sete novas unidades, que se engaden ás trece xa renovadas noutros servizos da Área Sanitaria de Vigo dende 2022 sumando así un investimento total de preto de 1,7 millóns de euros*
- *Nos últimos dous anos, o goberno galego investiu 9,4 millóns de euros en renovar 152 equipos de ecografía en diferentes áreas da rede hospitalaria pública de Galicia*
- *Só na Área Sanitaria de Vigo fanse máis de 115.000 ecografías ao ano*

Vigo, 11 de agosto de 2023.- A Xunta de Galicia está nestes momentos a instalar un total de 58 novos equipos de ecografía nos servizos de xinecoloxía e obstetricia das sete áreas sanitarias galegas. Sete destes novos equipos van ser instalados nos hospitais da Área Sanitaria de Vigo: cinco no Álvaro Cunqueiro e dous no Meixoeiro, o que supón un novo investimento de 550.000 euros.

Esta actuación derívase dos contratos coas empresas adxudicatarias da licitación deste material, autorizada polo Consello da Xunta en decembro do pasado ano, e formalizados polo Servizo Galego de Saúde en xuño, por un importe total de 4,1 millóns de euros.

As contratacións realizadas teñen achegado novo equipamento de ecografía á totalidade dos hospitais da rede pública galega, incluíndo os sete hospitais comarcais, que teñen recibido todos eles, cando menos, un novo ecógrafo.

Novos investimentos de 550.000 euros no CHUVI

Tras esta acción, o Hospital Álvaro Cunqueiro contará con 5 novos ecógrafos, mentres que o hospital Meixoeiro verá renovados 2 dos seus equipos. En total, este último investimento na Área Sanitaria ascende a 550.000 euros.

Así, estes 7 novos equipos de ecografía vense a sumar aos 13 instalados dende 2022 en diferentes servizos e centros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. En concreto, un ecógrafo portátil para o servizo de Urxencias, adquirido por 29.600 euros; 2 para Xinecoloxía e Obstetricia (un deles á Unidade de Reprodución Asistida), por 87.120 euros; e 10 destinados ás áreas de Radiodiagnóstico dos tres hospitais (3 ao Meixoeiro, 2 ao Nicolás Peña e 5 ao Álvaro Cunqueiro) por máis de 1 millón de euros.



Esta acción enmárcase dentro do proceso de renovación levado a cabo pola Xunta de Galicia e que na Área Sanitaria de Vigo supuxo un investimento de 1.134.456 euros, aos que agora hai que engadir 550.000 euros máis, sendo o investimento total de 1.684.456 euros.

Renovación de tecnoloxía diagnóstica

Esta contratación responde á necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación, xa que a necesidade de realización de estudos ecográficos óptimos e de precisión nas distintas patoloxías ten un papel importante no seu prognóstico e seguimento e forman parte do proceso de renovación do equipamento sanitario emprendido nesta lexislatura, ao que a Xunta de Galicia está destinando boa parte dos fondos europeos que recibe. Así, o equipamento obxecto destes expedientes de contratación é susceptible de financiamento ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19.

En particular, no caso da tecnoloxía de ecografía para imaxe diagnóstica, este investimento únese á renovación de máis de 60 ecógrafos levado a cabo pola Xunta de Galicia en 2022 mediante un investimento de 5,3 millóns de euros e que permitiu incorporar 48 novos ecógrafos nos servizos de radiodiagnóstico dos hospitais públicos galegos e destinar outros 16 ecógrafos, na súa meirande parte, aos servizos de urxencias.

Este novo contrato eleva por tanto a 9,4 millóns de euros o importe investido nos procesos de renovación desta tecnoloxía e a 152 o total de novos equipos de ecografía incorporados á rede hospitalaria pública galega.

Actividade

A ecografía é unha proba diagnóstica por imaxe que utiliza ondas sonoras (ultrasóns) para crear imaxes de órganos, tecidos e estruturas do interior do corpo. Entre todos os servizos asistenciais do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo realízanse un total de 115.000 ecografías anuais.

Xinecoloxía e obstetricia son as dúas disciplinas dunha única especialidade médica. Obstetricia fai referencia á atención á muller durante o período de embarazo, parto e puerperio. No caso da muller embarazada, os exames de ultrasóns son realizados para detectar os casos de maior risco de problemas maternos ou fetais. Ademais, teñen como obxectivo máis específico obter unha apreciación das características e conformación xeral do bebé. Os médicos recomendan a realización de entre tres e catro ecografías ou ultrasóns para ver a evolución do bebé nas diferentes etapas da súa xestación nun embarazo normal.

Por outra banda, a xinecoloxía é unha das especialidades médicas máis demandadas. Desde o inicio das relacións sexuais, ou ben a partir dos 18 anos, é recomendable



realizar revisións xinecolóxicas nas que a ecografía é unha proba complementaria básica polo seu carácter non invasivo, indoloro e inocuo.

Nos hospitais do Sergas traballan máis de 260 facultativos en obstetricia e xinecoloxía, cunha poboación de referencia de máis de 1.150.000 mulleres maiores de 14 anos. Neles realízanse, anualmente, máis de 104.000 consultas primeiras; máis de 290.000 consultas sucesivas; máis de 16.000 cirurxías; e máis de 13.000 partos (entre partos vaxinais e cesáreas). Na práctica totalidade das atencións a ecografía é fundamental.